



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO (APRCG) PARA CONTINUAR COA POSTA EN VALOR DAS APTITUDES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGO P.R.G. EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE EXPOSICIÓN E OCIO, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural,
DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRCG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27 de maio de 2016, ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo P.R.G en actividades deportivas, de exposición e ocio, dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O cabalo PRG é a única raza equina autóctona galega e atópase en perigo de extinción tal e como se recolle no Anexo I do Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras. Os esforzos para a conservación destes animais por parte da administración e das asociacións de criadores da raza durante moitos anos estiveron centrados cara á produción cárnica debido a que estes animais están perfectamente adaptados á nosa climatoloxía e ás forraxes naturais, sendo capaces de permanecer expostos ás inclemencias do tempo, sen recibir insumos externos. Pero non hai que esquecer a boa aceptación desta raza nas distintas disciplinas hípcas, así como a predisposición natural destes animais á andadura, relacionada coa crianza en territorios don fortes pendentes. Con tal motivo, dende fai anos xa se levan realizando por parte da





Asociación, actuacións co obxecto de dar a coñecer ao público as características e calidades identificativas da raza, mostrando o temperamento afectivo dos seus exemplares, abrindo novas vías de comercialización e estimulando o interese pola raza entre o público en xeral, coa consecuente incidencia a nivel económico e social.

O novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, dentro da Submedida 10.2. Apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura, recolle entre os seus obxectivos en canto á conservación dos recursos gandeiros, a posta en valor de todas as posibles orientacións produtivas das razas autóctonas galegas.

A Consellería do Medio Rural pretende asinar un convenio de colaboración coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego, co obxectivo de obter produtos con calidades deportivas, de exposición e ocio. Para iso, resulta necesario realizar a preparación e adestramento de sementais de Pura Raza Galega para o seu emprego en eventos de doma de alta escola, andadura galega e outras especialidades hípcas.

O desenvolvemento destas actuacións, só é posible coa participación de APRCG xa que é a única asociación en Galicia que conta coa infraestrutura, medios loxísticos e de persoal necesarios e suficientes para realizar as actuacións obxecto deste convenio, ademais dunha amplísima experiencia neste tipo de actuacións. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e APRCG para establecer as condicións da colaboración entre ambas para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo P.R.G en actividades deportivas, de exposición e ocio, dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandería, Agricultura
e Industrias Agroalimentarias



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias,

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

